

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DO CAMIÑO DE INVERNO A SANTIAGO PARA O IMPULSO E PROMOCIÓN DO CAMIÑO DE INVERNO

Santiago de Compostela,

Reunidos

Por unha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Pola outra, D. Enrique Álvarez Barreiro, no nome e representación da **Asociación de Municipios do Camiño de Inverno a Santiago**, en calidade de Presidente, nomeado pola Asemblea Xeral do 30 de xuño de 2023, e inscrita co n.º 616270 no Rexistro Nacional de Asociacións, con NIF G24721805.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante



a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Que no exercicio das súas funcións, lle corresponde executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a Asociación de Municipios do Camiño de Inverno a Santiago é unha institución sen ánimo de lucro, que vén desenvolvendo a súa actividade desde 2018 ó amparo do artigo 22 da Constitución Española, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, a Disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e demais disposicións legais.

Que está formada polos municipios e concellos polos que discorre o Camiño de Santiago a través da ruta utilizado para salvar os cumios do Cebreiro, utilizando unha das portas de entrada natural a Galicia desde a Meseta, seguindo o curso do río Sil.

Que a Asociación ten como fins os seguintes:

- Establecer relacións de cooperación entre todos os municipios polos que discorre o itinerario tradicional do Camiño de Inverno a Santiago de cara á protección e promoción desta ruta xacobeá.
- Promover e facilitar cos medios posibles a posta en marcha de maneira conxunta de proxectos de interese común en relación co Camiño de Inverno a Santiago.
- Colaborar coas respectivas Administracións autonómicas e coa Administración estatal nos órganos con competencias na protección e promoción deste Camiño a Santiago, representando e defendendo os intereses propios dos entes locais en todas as políticas relacionadas co Camiño de Inverno.

Para o cumprimento dos seus fins a Asociación desenvolverá as actividades destinadas á defensa, difusión, promoción e fomento do seu coñecemento entre as poboacións do Camiño de Inverno a Santiago, a través de diferentes accións.



Esta acción enmárcase no Plan Director dos Camiños de Santiago 2023-2027, por traballar na diversificación dos distintos itinerarios xacobeos e contribuír a que a chegada de peregrinos estea repartida por todo o territorio galego.

Terceiro.- O Camiño de Inverno é unha ruta de peregrinación a Santiago de Compostela pola que optaban moitos peregrinos medievais, que no inverno decidían evitar os nevados e dificultosos cumios do Cebreiro, a 1.330 metros de altitude, adentrándose polo sur lucense, na denominada Ribeira Sacra, confluencia de ríos e territorio vinícola onde as numerosas comunidades de eremitas que o poboaron converteron este lugar no de maior concentración de románico rural de Europa. A ruta, duns 210 quilómetros, pode considerarse como o máis galego dos camiños, por atravesar as catro provincias da Comunidade Autónoma ata chegar a Santiago de Compostela.

O Camiño de Inverno sepárase do Camiño Francés en Ponferrada, entrando en Galicia por Valdeorras para seguir posteriormente por terras lucenses na que é xa a súa terceira etapa. Esta vía vai paralela á canle natural do río Sil, unha das comunicacións naturais entre a Meseta e Galicia. O percorrido desta canle xa era utilizado desde os tempos dos romanos; de feito os peregrinos medievais aproveitaban a antiga calzada romana, conseguindo así camiñar por cotas moito máis baixas e seguras nos meses de inverno. Aquí, desde o lugar de Albaredos, na provincia de Lugo, o Camiño segue o seu trazado cara a Quiroga despois de bordear as ruínas do antigo castelo da Encomenda. Dende Quiroga, o Camiño prosegue por Ribas de Sil e A Pobra do Brollón nunha etapa que culmina en Monforte de Lemos. Desde aquí atravesa o río Miño para chegar a Chantada. Finalmente, atravesando a Serra do Faro, chega deica Lalín e a Santiago de Compostela.

Cuarto.- O obxectivo que se pretende acadar coa sinatura deste convenio é mellorar a difusión do Camiño de Inverno en aras dun maior impacto e coñecemento pola sociedade, así como traballar en conxunto para a promoción e desenvolvemento turístico do territorio, tendo en conta a calidade de vida dos seus habitantes e a experiencia turística dos visitantes.

Para a consecución dos obxectivos descritos realizaranse as seguintes actividades:

Un primeiro bloque de actividades relacionadas coa mellora de servizos ós peregrinos:



1. Plan estratéxico e dinamización da Asociación 2024-2027. Posta en marcha e seguimento.
2. Elaboración e desenvolvemento de paneis informativos. Plan de situacións de paneis informativos con contido esencial para o peregrino.
3. Edición e actualización de material divulgativo do Camiño de Inverno, incluíndo un catálogo dos servizos dispoñibles para o peregrino, con incorporación de códigos QR que serva para a actualización da dita información en coherencia coa páxina web da asociación.

Un segundo bloque de actividades relacionadas coa difusión e promoción do camiño:

1. Actualización e rexistro da marca "Camino de Invierno"/"Camiño de Inverno".
2. Mellora, traspaso e configuración da páxina web da asociación cun novo dominio. Redeseño do menú da páxina web e do mapa completo do camiño, mostrando os municipios que forman parte da asociación e do camiño, e en detalle todos os servizos de interese para o peregrino (onde comer, farmacias, onde comprar, hoteis próximos, etc).
3. Campañas mensuais segmentadas en META (Facebook & Instagram ADS) para a captación de nova comunidade en redes y xestión de redes sociais.

Quinto.- Que este proxecto supón a posta en valor dos recursos turísticos dos concellos polos que transcorre o Camiño de Inverno, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma.

Concorren así razóns de interese público que xustifican ou outorgamento dunha subvención sen que proceda promover a concorrência pública, ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao ser a entidade beneficiaria á única entidade que pode desenvolver a actuación subvencionada.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS



Primeira.- Obxecto do Convenio.

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación de Municipios do Camiño de Inverno para o impulso e promoción do Camiño de Inverno.

Segunda.- Orzamento e financiamento.

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 55.000,00 €, co seguinte desagregamento:

1º bloque. MELLORA DE SERVIZOS ÓS PEREGRINOS	
CONCEPTO	IMPORTE IVA INCLUÍDO
1.1 Posta en marcha, desenvolvemento y seguimento plan extratético y dinamización asociación.	12.699,43€
1.2 Elaboración e desenvolvemento de paneis informativos Plan de situacións de paneis informativos con contido esencial para o peregrino.	31.072,80 €
1.3 Edición e actualización de material divulgativo do Camiño de Inverno, incluíndo un catálogo dos servizos dispoñibles para o peregrino.	3.127,85 €
2º bloque. ACTIVIDADES RELACIONADAS COA DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DO CAMINO	
2.1 Actualización e rexistro da marca "Camino de Invierno"/"Camiño de Inverno"	2.899,34 €
2.2 Mellora, traspaso e configuración da páxina web da asociación cun novo dominio	747,78€



2.3 Xestión de redes sociais y Campañas mensuais segmentadas	4.452,80€
TOTAL	55.000,00 €

Deste orzamento estimado a Axencia de Turismo de Galicia realizará unha achega por importe máximo de 55.000,00 € (100%) con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0, proxecto 2015 00005, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Terceira. - Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen **a partir do 1 de xaneiro de 2024**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Cuarta.- Compromiso das partes

1. A Asociación, como entidade beneficiaria da subvención da Axencia de Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da **Xunta de Galicia** a través da Axencia de Turismo de Galicia e incluír a **marca turística de Galicia**, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que



se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade



A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a Asociación para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a Asociación, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será o responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.



Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Oitava.- Xustificación de fondos e pagamento

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de **conta xustificativa**, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, que conterá a seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:

- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.



b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devindicadas na data de xustificación.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que ou gasto houbérase realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e a marca turística de Galicia.

Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Por outra parte, a entidade deberá presentar os certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter



a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación precisa que veña establecida na normativa reguladora de subvencións en relación coa xustificación do convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **15 de novembro de 2024**.

A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

A cantidade máxima que se obriga a achegar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levan a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena .- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar pagamentos anticipados, ao amparo do disposto no artigo 63.1.Dous do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio, de ata o 50% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade



prevista en cada exercicio orzamentario. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Coa solicitude de anticipo a entidade beneficiaria terá que presentar certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención ou non doutras subvencións, axudas, ingresos ou recurso que financien as actividades subvencionadas.

De conformidade co disposto no citado artigo 65 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Asociación deberá constituír garantía correspondente aos pagamentos anticipados, cando a súa contía acumulada supere os 18.000€. A garantía deberá cubrir o 110% das cantidades anticipadas, ao abeiro do disposto no artigo 67 do citado Regulamento.

Décima.- Perda do dereito ao cobramento da subvención.

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.



3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décimo primeira.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Asociación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décimo segunda.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado pola Asociación e por un representante designado pola Axencia de Turismo de Galicia.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo terceira.- Modificación e resolución do convenio

I. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.



Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

II. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo cuarta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006, que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

A Axencia de Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.



Décimo quinta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo sexta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.



Décimo sétima.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo oitava.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento no lugar arriba indicado.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Pola Asociación de Municipios do
Camiño de Inverno

O director

O Presidente

José Manuel Merelles Remy

Enrique Álvarez Barreiro

